

**O Laboratorio Ecosocial do Barbanza dará conta dos logros alcanzados e informará sobre o seu futuro da man dos máximos representantes das entidades que o compoñen -a Fundación Banco Santander, a Fundación RIA e a Universidade de Santiago de Compostela-, na presentación e rolda de prensa que se celebrará o vindeiro xoves 4 de novembro ás 12:45 no salón de plenos do concello de Rianxo.**

Nesta xornada estarán presentes os máximos representantes das entidades que desenvolven o Laboratorio:

- Rodrigo Echenique, presidente da Fundación Banco Santander, entidade cofinanciadora do proxecto.
- Borja Baselga, director da Fundación Banco Santander.
- David Chipperfield, presidente da Fundación RIA, entidade coordinadora do proxecto.
- Antonio López, reitor da Universidade de Santiago de Compostela
- Lourenzo Fernández Prieto, catedrático e coordinador do grupo de investigación HISTAGRA (USC)

## **Rolda de prensa**

### **Data e hora**

Xoves 4 de novembro de 2021, entre as 12:45 e as 13:45.

### **Localización**

Salón de plenos do concello de Rianxo. (<https://goo.gl/maps/KMsEr5RNrD8emFxMA>)

### **Intervencións**

- Recepción a cargo de Adolfo Muíños, alcalde de Rianxo
- Lourenzo Fernández Prieto, catedrático e coordinador do grupo de investigación HISTAGRA (USC)
- David Chipperfield, presidente da Fundación RIA
- Borja Baselga, director da Fundación Banco Santander
- Antonio López, reitor da Universidade de Santiago de Compostela

### **Confirmación de asistencia á rolda de prensa**

Rogamos que nos envíen confirmación de asistencia a [info@fundacionria.org](mailto:info@fundacionria.org),

## Visitas aos proxectos semente

Ao longo da xornada, os representantes do Laboratorio visitarán as brañas de Laíño e o Campo de Maneiro no monte O Fieitoso de Taragoña para coñecer os progresos dos “proxectos semente”, ás tres iniciativas que foron seleccionadas na convocatoria aberta organizada polo Laboratorio en xullo de 2021.

A Convocatoria de Proxectos Semente foi o primeiro paso da segunda fase do Laboratorio, na que poñer en práctica os principios da sustentabilidade identificados durante a investigación que levou a cabo en 2020 e que tivo como broche a publicación do libro “Cando eramos sostibles. Aprendendo no Barbanza as claves do futuro” (dispoñible para descarga gratuíta en español, galego e inglés en [www.barbanzaecosocial.org](http://www.barbanzaecosocial.org)).

Da devandita investigación desprendíase a importancia de conxugar os aproveitamentos produtivos sostibles e a demostración dos seus beneficios (ambientais, económicos e sociais) e a súa divulgación, así como desenvolver estas actividades en coordinación coa comunidade local, establecendo e reforzando lazos de unión entre as persoas e o territorio.

### Orde do día xoves 4 de novembro

9:45 Punto de encontro no concello de Dodro. Localización:

<https://goo.gl/maps/imfp7dp4UcrJz6w18>

10:00-10:40 Visita a gandeiría de Michel Ríos, de gando vacún en extensivo nas brañas de Laíño. (Aparcaremos os coches no arcén tras a fábrica de Fesba) Localización:

<https://goo.gl/maps/LtHqoo8GB4TfQD2H9>

11:00-12:15 Visita a área demostrativa do Campo de Maneiro, acompañados pola Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de O Fieitoso, onde explicarán o seu proxecto “Máis ca leña”. Na visita estarán connosco Rafael Saco Fernández, profesor do Instituto de Educación Secundaria Félix Muriel de Rianxo, que falará sobre o proxecto “Comprender e Transformar o Territorio desde a Biocultura”. Localización:

<https://goo.gl/maps/VwAznrJRBPhKZ2ia7>

12:45-13:45 Rolda de prensa no salón de plenos do Concello de Rianxo. Localización:

<https://goo.gl/maps/KMsEr5RNrD8emFxMA>

17:30-18:30 Visita guiada ao monte veciñal en man común de Baroña, exemplo de xestión comunitaria do territorio, guiados polo presidente da comunidade que o xestiona, Ovidio Queiruga. Se desexan asistir a esta visita, por favor, contacten por teléfono a 646017010 (Adrián Capelo).

### Confirmación de asistencia ás visitas

Rogamos que nos envíen confirmación de asistencia a [info@fundacionria.org](mailto:info@fundacionria.org),

### Dúvidas e contacto

Quedamos á súa disposición para resolver calquera cuestión a través de [info@fundacionria.org](mailto:info@fundacionria.org) ou no teléfono 646017010 (Adrián Capelo).

### Máis información

Agardando que sexa do seu interese, adxunto a esta mensaxe poderá atopar un informe que resume as actividades realizadas polo Laboratorio durante os últimos dous anos. Pode atopar máis información sobre o proxecto, na páxina web [www.barbanzaecosocial.org](http://www.barbanzaecosocial.org)

Un afectuoso saúdo.